



VINOS

Reserva y Crianza

Rioja

Rueda

Penedés

Ribera del Duero

Especialidades de CAFÉ

Irlandés

Jamaicano

Vienes

Gallego

Capuchino

Shake

Barraquito

Caribeño

Cremosito

Cubano




Rúa Nova de Arriba, 93 BELUSO

FESTA DOS MOZOS

na honra da
VIRXE DO CARME

Beluso

*Días 19 e 20
de agosto
de 2000*



POLÍTICA E MEDIO RURAL. O CONCELLO DE BUEU, 1900-1936.

José Ramón Álvarez Pérez

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.

POLÍTICA DAS ELITES

O fin da Restauración (1916-1923). O Caciquismo.
O asunto dos sulfatos.
Os avances da comunicacións: o Teléfono.
As eleccións.

A POLÍTICA DAS MASAS.

O Asociacionismo local.
El Adelanto Marinoero.
Sociedade de Canteiros.
Relacións entre El Adelanto Marinoero e a Sociedade de Canteiros..
Relacións das sociedades coas institucións gobernativas.

ABREVIATURAS

BIBLIOGRAFÍA

FONTES

SAUDO- REFLEXIÓN

Outro ano máis, e este é o terceiro sen interrupcións, celébrase a Festa dos Mozos. A de este ano repetirá o esquema organizativo que tan bos resultados de público e crítica nos deu o ano anterior: dous días, nos que no primeiro combinaremos o folq de Ardentía cons ritmos bailongos de Perrofláuta e La Txaranga Revoltosa; deixando para o segundo día unha verbena máis "coma sempre", con un grupo de música tradicional e unha Orquestra. A nosa intención é ofrecer cousas novas cada ano, e este 2000 -entre outras cousas- imos ter xogos populares e a actuación dun grupo de malabarista de rúa: Malabaranda (Compostela). Esperamos que o éxito de público -de todas as razas e "pintas"- non só se repita senón que se incremente coa proposta de este ano.

Ao igual que o ano anterior, os propios organizadores da Festa dos Mozos non sabemos se este será o último ano ou non. Lembraredes que no 99 falabamos da mesma cuestión, e os problemas de entón son os de agora: somos os mesmos de hai tres anos (incluso menos), non chega nova xente á Comisión e sentimos que unha pequena parte dos nosos veciños non nos ofrece o seu apoio. E isto afecta.

Certamente, moitos dos Mozos ímonos facendo vellos e cómpre o relevo, con novos Mozos. Pensamos que a nosa proposta de festa pode ser mellorábel, pero para iso temos que contar con novas ideas. Neste sentido sabemos que moitos dos nosos veciños de Beluso están interesados en dar a súa opinión; o que nos queremos é invitalos a axudármonos e máis, se cabe, a aqueles que manifestan o seu interese con opinións críticas en bares e esquinas. Eso si, a Festa traerá a grupos e estará organizada do xeito que os Mozos da Comisión crean máis conveniente; e esto é así porque todo aquel que traballa nun proxecto ten o dereito e o deber de decidir sobre el. Dende o principio, a nosa norma -orgullosamente social e comunitaria- é: opina quen traballa.

Todo esto é moi bonito, pero non podemos negar que as críticas inxustas e as malas contestacións nas portas das casas desaniman, até o punto de pensar si facer a Festa merece a pena. Ao final, e como todo, pensamos que SI.

En fin, como quen se quere divertir se divierte, nós ofrecémosvos unha Festa na que case non bailamos, pero que disfrutamos co gusto do traballo ben feito e co ánimo das críticas xustas, que ao fin son maioría.

Vémonos na Festa.

A Comisión, agosto do 2.000 (Ano Castelao)

INTRODUCCIÓN

O obxecto do presente traballo é analizar o comportamento político no medio rural. Non pretende ser un estudo explicativo dun ámbito xeográfico concreto, senón que, tomando como referencia a localidade de Bueu, quere ofrecer unha serie de pautas e condicións comúns, extrapolábeis a outros lugares.

Enfocamos o estudo dende dous puntos de vista: o das elites e o das masas. Consideramos que ambos sectores entenden e inciden de xeito distinto na política local:

- As elites tenden a concentrar o poder local de feito, ocupando os cargos administrativos e públicos, sendo os principais beneficiados da política municipal.
- As masas interveñen na política principalmente por medio das sociedades organizadas -traballadores, labregos, políticos, sindicais...-, e da presión que a concentración e organización en colectivos pode exercer nos municipios.

Publicidade

ba

aturuxo
en Bueu

Digna Ferradanes Piñeiro

FARMACIA

Rúa Nova (edificio Fisa)- Telf 986 32 08 50 - Beluso

A POLÍTICA DAS ELITES.

O fin da Restauración (1916-1923). O Caciquismo.

Nos primeiros tempos do século, o trato entre concellos e administración pública producíase dun xeito particular: non era tanto un trato entre institucións como entre personas. Isto facía que a correspondencia e as peticións levasen títulos como "al Gobernador Civil", "al Sr. don...", "al Alcalde de...". Neste apartado trataremos de ilustrar gráficamente a inxerencia das institucións gobernativas no medio rural galego, empregando exemplos concretos que a propia actividade política rural xenerou.

A mariñeira vila de Bueu foi, tradicionalmente, un feudo do *Partido Liberal*. Así o demostran os nomes das súas principais rúas: *Pazos Fontenla*, *Eduardo Vincenti* ou *Avenida Montero Ríos*, e que aínda hoxe perviven.

Eduardo Vincenti¹ era o deputado *liberal* por Pontevedra. Un deses deputados que ser deron en chamar *enfeudados*, en referencia á saída ininterrompida da súa acta polo Distrito no que se presentaba, neste caso o de Pontevedra². O home de confianza de Vincenti no municipio era Miguel Nogueira Fraguas. Tiña un importante peso político na vila, da que foi alcalde varios anos³ e tamén Xuíz municipal⁴: colleitaba os votos para os candidatos liberais a deputado, caso de Vincenti ou Pazos Fontenla. Nogueira era o cacique de Bueu, e actuaba seguindo os modelos da época: mediaba nos conflitos entre veciños, era quen de lograr excedencias no servizo militar, arranxaba os problemas dos labregos...⁵ Gozaba dunha gran credibilidade e da plena confianza dos veciños, pasando por ser un home notable desta vila⁶.

¹ Eduardo Vincenti Reguera (A Coruña 1857-Madrid 1924). Abogado, xenro do líder liberal Eugenio Montero Ríos e deputado polo distrito de Pontevedra dende 1886. Cañada, S. (1974).

² E. Vincenti saíu elixido invariablemente deputado por pontevedra desde as eleccións de 1886 até as de 1923. Barreiro Fernández, X.R. (1982).

³ Miguel Nogueira ocupou a alcaldía nos períodos: 1894-95; 1897-1902; 1912-14 e 1920-23. AMB.

⁴ Estévez Castro, J.M. (1996). Non era estrana a fusión entre o protagonismo caciquil e o desempeño dun cargo municipal. Velasco Souto, C. F. "Repensando o caciquismo. Algunhas reflexións e preguntas sobre o mantemento das oligarquías municipais galegas no longo prazo: da Revolución Liberal á II República". En: L. Fernández Prieto, et alii (1997).

⁵ En casos o cacique favorecía a emigración rural, como vía de escape da grave crise agrícola. A maioría das recomendacións que estes atendían eran peticións de pasaxes. Nesta liña o propio Eduardo Vincenti escribiu *Guía del Emigrante*. Núñez Seixas, X. M. (1998).

⁶ Estévez Castro, J.M. (1996). Os caciques eran os mediadores entre a sociedade rural e a urbana; un home próximo ao labrego pero que entende os entresillos do sistema urbán: fala cos abogados,

Publicidade

TALLERES FERMAR



reparación
general del
automóvil

Rúa Nova, 101
telf 986 32 21 08 - Beluso

TINTORERIA LAVANDERIA

HITECH

C/ Montero Ríos, 199
Telf 986 32 30 62
Banda do Río
BUEU
Mendez Nuñez, 2
CANGAS

MERCERÍA CARMIÑA



confección y regalo

Rúa Nova, 116
Tfno 986 32 11 58
Beluso Bueu

MADERAS FREIRE S.L.

ASERRADERO Y MADERAS EN GENERAL

c/ Montero Ríos, 26 Tel. 32 00 66
BUEU Ptlar. 32 03 70

A POLÍTICA DAS ELITES.

O fin da Restauración (1916-1923). O Caciquismo.

Nos primeiros tempos do século, o trato entre concellos e administración pública producíase dun xeito particular: non era tanto un trato entre institucións como entre personas. Isto facía que a correspondencia e as peticións levasen títulos como "al Gobernador Civil", "al Sr. don...", "al Alcalde de...". Neste apartado trataremos de ilustrar gráficamente a inxerencia das institucións gobernativas no medio rural galego, empregando exemplos concretos que a propia actividade política rural xenerou.

A mariñeira vila de Bueu foi, tradicionalmente, un feudo do *Partido Liberal*. Así o demostran os nomes das súas principais rúas: *Pazos Fontenla*, *Eduardo Vincenti* ou *Avenida Montero Ríos*, e que aínda hoxe perviven.

Eduardo Vincenti¹ era o deputado *liberal* por Pontevedra. Un deses deputados que ser deron en chamar *enfeudados*, en referencia á saída ininterrompida da súa acta polo Distrito no que se presentaba, neste caso o de Pontevedra². O home de confianza de Vincenti no municipio era Miguel Nogueira Fraguas. Tiña un importante peso político na vila, da que foi alcalde varios anos³ e tamén Xuíz municipal⁴: colleitaba os votos para os candidatos liberais a deputado, caso de Vincenti ou Pazos Fontenla. Nogueira era o cacique de Bueu, e actuaba seguindo os modelos da época: mediaba nos conflitos entre veciños, era quen de lograr excedencias no servizo militar, arranxaba os problemas dos labregos...⁵ Gozaba dunha gran credibilidade e da plena confianza dos veciños, pasando por ser un home notable desta vila⁶.

1 Eduardo Vincenti Reguera (A Coruña 1857-Madrid 1924). Abogado, xenro do líder liberal Eugenio Montero Ríos e deputado polo distrito de Pontevedra dende 1886. Cañada, S. (1974).

2 E. Vincenti saíu elixido invariablemente deputado por pontevedra desde as eleccións de 1886 até as de 1923. Barreiro Fernández, X.R. (1982).

3 Miguel Nogueira ocupou a alcaldía nos períodos: 1894-95; 1897-1902; 1912-14 e 1920-23. AMB.

4 Estévez Castro, J.M. (1996). Non era estrana a fusión entre o protagonismo caciquil e o desempeño dun cargo municipal. Velasco Souto, C. F. "Repensando o caciquismo. Algunhas reflexións e preguntas sobre o mantemento das oligarquías municipais galegas no longo prazo: da Revolución Liberal á II República". En: L. Fernández Prieto, et alii (1997).

5 En casos o cacique favorecía a emigración rural, como vía de escape da grave crise agrícola. A maioría das recomendacións que estes atendían eran peticións de pasaxes. Nesta liña o propio Eduardo Vincenti escribiu Guía del Emigrante. Núñez Seixas, X. M. (1998).

6 Estévez Castro, J.M. (1996). Os caciques eran os mediadores entre a sociedade rural e a urbana; un home próximo ao labrego pero que entende os entresillos do sistema urbán: fala cos abogados.

Publicidade

TALLERES FERMAR



reparación
general del
automóvil

Rúa Nova, 101
telf 986 32 21 08 - Beluso

TINTORERIA LAVANDERIA

HITECH

C/ Montero Ríos, 199
Telf 986 32 30 62
Banda do Río
BUEU
Mendez Nuñez, 2
CANGAS

MERCERÍA CARMIÑA



confección y regalo

Rúa Nova, 116
Tfno 986 32 11 58
Beluso Bueu

MADERAS FREIRE S.L.

ASERRADERO Y MADERAS EN GENERAL

c/ Montero Ríos, 26 Tel. 32 00 66
BUEU Ptlar. 32 03 70

O asunto dos sulfatos.

O caso é que, en 1916 o Goberno adquiriu unha importante cantidade de sulfato de cobre, que en breve se dispuña a repartir. O concello de Bueu quería acceder ao reparto en boa situación. Por outra banda tamén actuaban os intereses dos labregos -de quen Miguel Nogueira era o valedor-, que querían unha porcentaxe desa partida de sulfatos. É aquí donde intervéñen Eduardo Vincenti.

O 3 de abril o deputado por Pontevedra envía unha carta ao *Director General de Comercio, Industria y Trabajo* na que "(...)recomienda apoye los deseos de los Ayuntamientos de Pontevedra, á fin de que se les conceda sulfato de cobre á los viticultores".⁷

Deste maneira ponse en marcha á rede clientelar de Vincenti, quen xa non se ten que preocupar de nada máis. A solicitude irá pasando pola administración central -de despacho en despacho, como si dun organismo vivo se tratase- até chegar ao seu destinatario final, quen resolverá a favor da petición. Como mostra, o seguinte texto que o *Director General de Comercio* dirixe a Vincenti:

"petición (que) traslado al Director de Agricultura por ser á él quien corresponde hacer el reparto, recomendada eficazmente, sin perjuicio de que V. por su parte se dirija á dicho Sr."⁸



Para asegurar aínda máis a concesión do solicitado, Vincenti envioulle outra carta ao *Director General de Aduanas*. Este contéstalle que en nada lle compete o asunto á súa sección, debéndose dirixir á Dirección de Comercio⁹. Parece que Vincenti se equivoca ao solicitar o favor á *Aduanas*, pero tal erro no será en balde e saberá como sacarlle partido propagandístico: dando a coñecer esta carta, os veciños de Bueu saberán da preocupación que supón para el o asunto dos sulfatos.

funcionarios, etc. Ten acceso ao político, gozando así de confianza e credibilidade no campesinado: chegado o momento de votar, o labrego faino por quen o cacique lle indica. Tampouco ten unha exclusiva función electoral senón que soluciona todo o que non sexa de práctica habitual nunha aldea.

7 Carta do Director Xeral de Comercio, Industria e Traballo ao deputado Eduardo Vincenti, 7.4.1916. AMB.

8 Carta do Director Xeral de Comercio, Industria e Traballo ao deputado Eduardo Vincenti, 7.4.1916. AMB.

9 Carta do Director Xeral de Aduanas ao deputado Eduardo Vincenti, 12.4.1916. AMB.



AS - EM

Asesoría de empresas

Ricardo Álvarez Cendón

Agencia de seguros

Eduardo Vincenti 49
BUEU

FREIJAL

MOBILIARIO DE COCINA
PROYECTOS Y DECORACIONES

Pazos Fontenla 40
Telf 986 32 00 76 36930BUEU

Quince días despois de encetar as xestións, o concello de Bueu xa ten as súas 50 toneladas de sulfato de cobre¹⁰. Así se desprende dun *besalamano*¹¹ que Vincenti lle envía a Miguel Nogueira. Nel infórmalle que o sulfato de cobre vendeo o Goberno nas *Delegacións de Facenda* provinciais, a 2'40 ptas. o quilo.

O derradeiro contacto entre o deputado en Cortes e o municipio, por este asunto, prodúcese no mes de maio. Vincenti envíalle un *besalamano* manuscrito ao alcalde de Bueu como contestación dun telegrama anterior, no que lle agradecía o seu bonfacer no asunto dos sulfatos:

*"Al Sr. José Rodríguez y le evoca las gracias por su telegrama y dan(d)o ocasiones para luchar en defensa de los intereses del Distrito"*¹².

A nota reflexa o que este tipo de intervencións supoñen, tanto para uns como para outros: o concello e os labregos teñen a súa partida de sulfato, Nogueira o seu favor e Vincenti mantén ao electorado contento.

O reparto do sulfato non favoreceu exclusivamente a un só municipio. Vincenti era o deputado por Pontevedra, e debía mirar polos intereses do seu Distrito:

*"(...)Recibo su atta, carta de 3 del corriente en la que me recomienda apoye los deseos de los Ayuntamientos de Pontevedra (...) "*¹³.

Aínda que probablemente os máis beneficiados foron os que mellor se portaron nas furnas. Vincenti intercede polos concellos dos *amigos* que merezan ese esforzo.

Na correspondencia xenerada polo asunto dos sulfatos, son dúas as cartas que Vincenti dirixe a Bueu: unha ao alcalde e outra ao seu *home de confianza*, Miguel Nogueira. Demostrando que este tipo de *negocios* non son só cos titulares dos concellos senón tamén con particulares. O deputado realiza o solicitado como unhas das obrigas do seu cargo, e na busca dun obxectivo concreto que tamén favorezca os seus intereses. O resto da correspondencia pertence ao contacto mantido entre Vincenti e os titulares das institucións ás que dirixe a solicitude. A razón de que esta


¹⁰ Carta do Director Xeral de Aduanas ao deputado Eduardo Vincenti, 12.4.1916. AMB.

¹¹ Carta do deputado Eduardo Vincenti a Miguel Nogueira, 15.4.1916. AMB.

¹² Comunicación do deputado Eduardo Vincenti ao Alcalde de Bueu, 5.5.1916. AMB.


¹³ Carta do Director Xeral de Comercio, Industria e Traballo ao deputado Eduardo Vincenti, 7.4.1916. AMB.

A CENTOLEIRA



RESTAURANTE CENTENARIO

Praia de Beluso, 28 Bueu(Pontevedra)
www.empresaspontevedra.com/acentoleira
Tel 986 320 896 986 323 481 FAX 986 323 481



Pazos Fontenla, 51 telf/fax 986 32 20 67 - Bueu

correspondencia fique nos arquivos locais é a de dar conta dos esforzos do deputado, son proba da súa preocupación e empeño en conseguir a petición. A xeito de certificado de traballo.

Os avances das comunicacións: o Teléfono.

Dende sempre o deputado Vincenti mostrou unha gran preocupación por mellorar as comunicacións do municipio. Desto dá boa conta o correspondente local do *Faro de Vigo*, quen indica que tanto o novo servizo postal á illa de Ons como a concesión dunha nova carteiría parroquial (en Beluso) son produto das boas xestións feitas polo deputado¹⁴. Nas concesións dos titulares destas carteirías o cacique local tiña unha participación directa: ter o control sobre os carteiros era importantísimo, xa que eran quen levaban as actas dende as mesas ás xuntas electorais municipais e provinciais, facilitando os cambios polo camiño¹⁵.

Nestes primeiros anos do século XX van confluír dous fenómenos que se tenderán a complementar: a crecente industrialización de determinados sectores productivos e os avances nas comunicacións. O teléfono é considerado como unha arma comercial de primeira magnitude, e así, no ano 1918, vai xurdir en Bueu a necesidade de posuír unha estación telefónica.

O teléfono vai ser un bó servizo na mesma medida en que favorezca os intereses dos comerciantes e industriais locais¹⁶. Na carta na que o concello solicita o novo servizo, é a burguesía salazoeira e conserveira quen dicta as razóns do servizo:

- O gran desenvolvemento da industria dos derivados da pesca, de especial relevancia en Bueu.
- A vila está en inferioridade fronte a outros focos industriais con mellores servizos de comunicación.
- Favorecería a comunicación entre os industriais locais e os centros económicos e de abastecemento.
- Supón o medio máis rápido e menos custoso para as transaccións comerciais.

¹⁴FV. 4.1.1923 (páx. 6) e 8.2.1923 (páx. 3).

¹⁵ Gradío Seoane, E. "O poder local na provincia da Coruña durante a II República". En: L. Fernández Prieto, et alii (1997).

¹⁶ Barreiro Fernández define a Eduardo Vincenti como o valedor da burguesía comercial galega. Barreiro Fernández, X. R. (1982).

Publicidade

MARMORERÍA

NOVOA

Toda clase de marmores

Montero Ríos 37 BUEU

Papelería

Copistería

Copimeu

Serigrafía

Imprenta

COPIAS COLOR
REPRODUCCIÓN DE PLANOS
IMPRESIÓN CAMISETAS
PLASTIFICADOS
ENCUADERNACIONES
SERVICIO FAX
CONSUMIBLES INFORMÁTICA

FAX 986 39 06 02 Telf 986 39 00 23

E. VINCENTI 47 36930 BUEU



Festa dos Mozos 2000

- Paliaría as dificultades comunicativas destes comerciantes, quen recalcan a súa situación de illamento ao vivir rodeados polo mar¹⁷.

O que o concello solicita é unha autorización para iniciar as obras de construción da liña telefónica entre Marín e Bueu, empregando os postes que sosteñen o fío telegráfico¹⁸. En principio a petición é denegada, alegando a carencia de "(...) recursos necesarios de material y personal para ejecución de la obra"¹⁹. Finalmente o permiso é concedido, sendo o concello solicitante quen afronte os gastos que tales obras susciten; así se establece nas comunicacións entre o municipio e a Dirección Xeral de Correos e Telégrafos²⁰. Poida que realmente non sexa o goberno local quen se faga cargo dos gastos, senón que estes corran de conta de quen máis beneficiado sae: os industriais salgazeiro-conserveiros.

O certo é que a solicitude de instalación do teléfono envíase o 1 de maio de 1918 e o 28 de xuño xa se recibe a aprobación do proxecto. Para conseguilo con tal rapidez movilizáronse ás influencias precisas. Así, nunha carta asinada polos alcaldes do Morrazo, solicítase á Deputación Provincial de Pontevedra que medie no seu favor ante a Dirección Xeral de Correos e Telégrafos:

"(...) a fin de que haciendose eco del unánime sentir de los pueblos que componen dicha península, le otorgue su valioso concurso para recabar la mejora que se proponen (...). No cabe duda que tan importantísimo apoyo será la mejor garantía del éxito por lo que, a la Excm. Diputación Provincial, con la mayor consideración, =Suplican se digne hacer suyo el proyecto y solicitar de la Dirección general de Correos y Telégrafos el establecimiento de un Centro Telefónico en Bueu, explotado por el Estado, con subcentrales en Cangas y Moaña (...)"²¹.

Para o bon fin dunha solicitude é necesaria a axuda de institucións ou persoas, saltándose os cauces administrativos comúns que derivarían nunha solicitude formal á Dirección Xeral de Correos e Telégrafos. Pero neste caso

17 Carta remitida polos alcaldes de Marín, Bueu, Cangas e Moaña á Deputación Provincial de Pontevedra, 1918. AMB.

18 Comunicado do Director Xeral de Correos e Telégrafos ao concello de Bueu, 13.6.1918. AMB.

19 Ibidem.

20 Ibidem.

21 Carta remitida polos alcaldes de Marín, Bueu, Cangas e Moaña á Deputación Provincial de Pontevedra, 1918. AMB.

CONGELADOS

Teira

SUPERMERCADO

**REPARTO A
DOMICILIO**

Av/ Montero Ríos, 45
Tfno. 986 323 478 BUEU



**ENCIMERAS
PELDAÑOS
LAPIDAS
FACHADAS Y
PANTEONES**

Alto da Portela - PARQUE EMPRESARIAL
deCASTIÑEIRAS -BUEU

Tfno 986 323 426

* 670 251 76 *670 251 768

SURTIDOR GASOLINA

BUEU



Campsa

**C/ Montero Ríos
(FRONTE PRAZA
DE ABASTOS)**

**BAR
EL PUERTO**

Vinos y
Tapas



Especialida en :
Jamón y Queso
Pescados de la Ría

**Matilde Bares, 5
Telf 986 324 439 BUEU**

parece que as influencias, o único que se conseguiron foi unha concesión, e a vila non contou co servizo telefónico até 1923²².

Por outra banda, aínda que non atopamos evidencias documentais da participación do deputado Vincenti na concesión do teléfono para Bueu, é fácil supoñer a súa activa participación nos procesos administrativos que esta suscitou. Neste sentido sí dispoñemos de informacións que revelan a súa incidencia nunha petición similar que o concello iniciou en 1920, para dotar de servizo telefónico á parroquia de Beluso²³. Como sempre, a intercesión de Vincenti é a garantía dunha resolución rápida e satisfactoria: os trámites iníciáanse o 2 de abril e a concesión outorgase o 22 de setembro. O Director Xeral de Correos e Telégrafos remítelle a Vincenti a seguinte nota:

*"Mi querido amigo: Tengo el gusto de manifestar a V. que, he firmado las órdenes oportunas disponiendo el establecimiento de una línea municipal telefónica en Beluso, conforme me había interesado"*²⁴.

Así e todo, a definitiva concesión do centro telefónico parroquial vaise demorar até agosto de 1922²⁵. Tal retraso explícase se seguimos a afirmación anteriormente exposta de que a creación de estacións telefónicas no concello ven dada polas necesidades do sector comercial e industrial. Inicialmente a estación pensábase ubicar no domicilio da comerciante familia Davila²⁶, en pleno centro da parroquia. Pero o salgazoeiro Clemente Lago solicitou o mesmo servizo, con centro na súa casa, para o lugar da Praia de Beluso²⁷. É dicir, que había dúas peticións para a mesma parroquia e, por tanto, non se podería satisfacer a ambos por igual. Este conflito xenerou unha ampla correspondencia entre o concello e as administracións competentes²⁸. Finalmente o conflito solucionouse ao determinar o concello

22 "Según noticias de buen origen, es seguro que a principios del corriente mes se inaugure el teléfono entre esta villa y la capital (...). De desear es que se confirmen estos rumores". FV. 3.10.1922, pág. 3.

23 Carta do Director Xeral de Correos e Telégrafos ao Deputado Eduardo Vincenti, 10.9.1920; Carta da Dirección Xeral de Correos e Telégrafos ao deputado Eduardo Vincenti, 28.3.1922; Besalamano do deputado Eduardo Vincenti ao Alcalde de Bueu, 20.5.1922. AMB.

24 Carta do Director Xeral de Correos e Telégrafos a Eduardo Vincenti, 10.9.1920. AMB.

25 Comunicado do Corpo de Telégrafos, Dirección de Sección de Pontevedra, ao alcalde de Bueu, 31.8.1922. AMB.

26 Comunicado do concello de Bueu ao Xefe da Sección de Telégrafos de Pontevedra, 19.4.1922. AMB.


27 Comunicado do Corpo de Telégrafos, Dirección de Sección de Pontevedra, 11.4.1922. AMB.

28 Comunicacóns da Dirección Xeral de Correos e Telégrafos: 23.2.1921; 29.4.1921; 11.4.1922; 17.7.1922. Contestación do concello á Dirección Xeral: 29.7.1922. AMB.

AL.BUEU S.L.

*CRISTALERÍA
*PERSIANAS
*MANPARAS
DE BAÑO

Alexandre Bóbeda, 26
Telf 986 32 00 52
BUEU



PASARIN

SEGUROS Y
PRESTACIONES
FUNEBRES

AGENTES DE LA ALIANZA ESPAÑOLA S.A.

Xoán Carballeira, 10
Telf 986 32 09 98 / 32 03 71 Fax 32 09 98 BUEU

SERVICIO OFICIAL

YAMAHA

Marine

TALLERES CAMPELO BUEU S.L.

REPARACIONES NAVALES
E INDUSTRIALES
INVERNAJE DE
EMBARCACIONES

Avd. De Marín, 8
Telf 986 32 07 36
Bueu

Andrea

Moda Hogar

TEJIDOS PARA FIESTAS FANTASÍA EN TELAS ENCAJES Y SEDAS

c/ A.R. Castelao, 12 36930
Telf. 986 322 505 BUEU

que a estación telefónica se instalaría donde nun principio se pensara: na casa de dona Teresa Davila²⁹.

Este retraso impacientou aos de Bueu, quen lle comunicaron o seu malestar a Vincenti. En consecuencia o deputado comenzou a mover fíos, provocando a seguinte resposta da Dirección Xeral de Correos:

"Muy Señor mío:

*El proyecto para la construcción de la línea telefónica municipal de Bueu á Beluso está pendiente de aprobación porque los vecinos del barrio de la Playa en Beluso han solicitado se les instale allí el aparato (...). Para armonizar estas diferencias y no lesionar derechos, hoy se oficia al Sr. Jefe de la Sección de Pontevedra para que requiera al Ayuntamiento de Bueu acuerde en Sesión el local conveniente y extienda un certificado de acta (...). Una vez recibida la certificación informada se procederá á la aprobación del proyecto que pende de aquel requisito"*³⁰.

Vinenti mantén puntualmente informado de todos os seus pasos a Miguel Nogueira, quen agora volve ocupar a presidencia do goberno local³¹. O deputado remíte un *besalamano* no que lle da conta do bo camiño que levan as súas xestións: *"a Don Miguel Nogueira y le participa que llegó el expediente de teléfono BELUSO, y espero se conceda"*³².

Pero o teléfono para Beluso vai correr o mesmo destino que o da vila. En marzo de 1923 Eduardo Vincenti fai unha visita ao municipio cara ás próximas eleccións a Cortes. No discurso propagadístico, amén de prometer escolas, camiños e estradas, o deputado asegurará a pronta instalación dunha estación telefónica na parroquia de Beluso³³.

Finalmente, dicir que melloras tales como a do teléfono, prodúcense porque unha minoría acaudalada e socialmente influente así o solicita. É, xa que logo, fácil pensar que os gastos que este novo proxecto xenere van ser sufragados polos principais demandantes, aínda que oficialmente sexa o

²⁹ Carta do concello de Bueu ao Xefe da Sección de Telégrafos de Pontevedra, 19.4.1922. AMB.


As próximas eleccións de abril son a causa de que o Faro de Vigo dé conta, en 1923, de que a Dirección de Correos e Telégrafos mandou establecer urxentemente unha estación telefónica na Praia de Beluso, o encargado vai ser Clemente Lago. FV. 11.3.1923, páx. 5. Idéntico obxectivo tivo a visita que no mesmo mes fixo o deputado Eduardo Vincenti, e na que prometeu -entre outras cousas- teléfono para a Praia. FV. 16.3.1923, páx. 8.

³⁰ Carta da Dirección Xeral de Correos e Telégrafos ao deputado Eduardo Vincenti, 28.3.1922. AMB.

³¹ AMB e FV, 4.4.1922. Páx. 2.

³² Besalamano do deputado Vincenti a Miguel Nogueira, 20.5.1922. AMB.

³³ FV. 16.3.1923, páx. 8.



Talleres Canceliña

MECANICA GENERAL DEL AUTOMOVIL
RECAMBIOS
VENTA DE VEHICULOS DE OCASIÓN

Av/ de Marin, 4 - Canceliña
Tel. Fax: 986 321 603
36.930 - Bueu (Pontevedra)

LIBRERÍA Anguián

LIBROS DE TEXTO ARTÍCULOS DE REGALO
REVISTAS BONOLOTO
PRENSA PRIMITIVA
ENCADERNACIONES QUINIOLA

Montemogós, 157 - telf 986 32 07 15 - Bueu

concello quen se faga cargo da conta. En ocasións esta situación reflíctese nalgũa carta: "(...) debo tener en cuenta que los vecinos del barrio de la playa han solicitado de aquella Dirección que la estación radique en el dicho barrio de la playa (de Beluso), comprometiéndose a facilitar los postes que pudiera ocasionar la modificación (...)”³⁴.

Capítulo a parte, cabe destacar que tamén o concello se mete nalgún tipo de xestións administrativas *pouco convencionais*. A petición de 1918 na que o alcade solicita o servicio telefónico, pretende que o aparato se instale na Casa Consistorial³⁵. A Dirección Xeral de Telégrafos responde que: "(...) no podría establecerse el aparato telefónico en ese Ayuntamiento, sino en la oficina telegráfica (...)”³⁶. Por parte do concello, as xestións non foron totalmente abandonadas, e en 1922 o Corpo de Telégrafos aproba a os vellos desexos do concello, pero baixo o cumprimento de certos requisitos:

*“En vista de las malas condiciones en que se encuentra la casa oficina de Telégrafos de esa población y no considerando la Dirección general admisibles las condiciones que pretende el propietario para efectuar mejoras, aquella Superioridad dispone (...) se practique gestiones para conseguir otro local que reúna las condiciones apetecidas interesando al mismo tiempo que por el Ayuntamiento de su digna presidencia, se contribuya con la mayor cantidad posible para el nuevo arriendo, por estar muy recargado el Capitulo correspondiente del Presupuesto del Estado”*³⁷.

A resposta da autoridade local non se fixo esperar: "(...) esta Corporación, en sesión del día de la fecha, accediendo a tal propuesta, secundada por VI con tanto interés, acordó aumentar cien ptas. más a la cantidad que viene satisfaciendo para tal atención, y en la esperanza de que el nuevo edificio sea lo más próximo a la Consistorial, por ser el centro de este pueblo”.³⁸

34 Comunicación do Corpo de Telégrafos, Dirección de Sección de Pontevedra, ao concello de Bueu. 11.4.1922. AMB.

35 Comunicación do concello de Bueu ao Director Xeral de Correos e Telégrafos, 13.6.1918. AMB.


36 Comunicación da Dirección Xeral de Correos e Telégrafos ao alcalde de Bueu, 28.6.1918. AMB.

37 Comunicación do Corpo de Telégrafos, Dirección de Sección de Pontevedra, ao concello de Bueu. 26.6.1922. AMB.

38 Contestación do concello de Bueu á comunicación da Dirección provincial do Corpo de Telégrafos do 26.6.1922, 5.7.1922. AMB.


Non coñecemos as razóns certas deste empeño en poñer o teléfono na Casa Consistorial, aínda que cecais si teña que ver coa proximidade dos establecementos da burguesía industrio-comercial -a fábrica e vivendas dos Irmáns Massó estaban (e están) pegadas ao edificio do concello-. Tampouco sabemos donde se ubicou finalmente o teléfono; o certo é que a mediados dos anos vinte existía un centro telefónico na Lonxa, de quen eran concesionarios -amén doutros- os Irmáns Massó. AMB.

Publicidade



**TALLERES
MAR AUTO, C.B.**

c/ Xoan Carballeira, nº 4 Bajo
Tfno. 986 322 213 BUEU



C/ Alexandre Boveda, 2 - Tlf 986 32 15 82 - Bueu

Café - Bar

ARUME



Te ofrecemos desayunos especiales

c/ Eduardo Vincenti, 4 Bajo 36930 BUEU
Telf 986 323 544 Pontevedra



horno de leña, especialidad en bollas,
roscones y empanadas

BANDA DO RÍO, 57 TLF 986 32 04 10
DESPACHO: MONTERO RÍOS, 143 BUEU

As eleccións.

O proceso anteriormente exposto (melloras en infraestructuras, a consecución da partida de sulfatos ou o teléfono) non tería sentido se só beneficiase a unha das partes *contratantes*. Vincenti vai reclamar os pagos polos traballos e desvelos que se tomou para ben do seu Distrito, e vaino facer con motivo das eleccións a Cortes convocadas para o 29 de abril de 1923. Encétase pois, a campaña electoral.

Podemos fixar o comenzo do proceso electoral nun mitin agrario celebrado en Cela, o 10 de setembro de 1922. Entre os oradores está Emiliano Iglesias, candidato polo *Partido Republicano Radical* e principal competidor de Vincenti nas eleccións³⁹. Xa en marzo do ano electoral, o *Partido Republicano Radical* volve celebrar un mitin, pero esta vez xa na vila. Nun clima que os corresponsais xornalísticos definen como de *gran expectación*, actúan como oradores o candidato Emiliano Iglesias e o líder do partido Lerroux⁴⁰. Aínda houbo un derradeiro mitin dos *Radicals*, celebrado o 22 de abril, coa asistencia do candidato⁴¹. En ningún caso, e isto serve para todo o período de campaña electoral no concello, os xornais consultados lle fan ao candidato Iglesias un seguimento tan detallado e cheo de simpatía como o ofrecido ás presencias de Eduardo Vincenti⁴².

Antes das eleccións, Eduardo Vincenti vai realizar continuadas visitas polos concellos do *seu* Distrito electoral: reuníndose con *amigos* e colectivos municipais, e ofrecendo, tamén, conferencias. Ao analizar este proceso temos que ter sempre presente que o deputado en funcións, neste caso Vincenti, ten o seu domicilio en Madrid e debe viaxar ao Distrito para facer campaña. É dicir, que se traslada a Galiza exclusivamente por este motivo.

A primeira visita de Vincenti ao concello de Bueu prodúcese en setembro de 1922. Trátase dunha visita xa anunciada con antelación, e na que o deputado tomará contacto coas *forzas vivas* do municipio. Como primeiro acto da visita diríxese á Consistorial, donde é recibido polo alcalde, secretario e concelleiros. Até alí acudirán a saudalo as demais autoridades e representacións locais, as comisións parroquias -Beluso e Cela-, grupos de admiradores e amigos particulares "*con los cuales conversó animadamente durante largo rato*"⁴³. A Casa Consistorial convírtese así, na oficina do

39 Estévez Castro, J. M^a. (1996).

40 FV. 8-3-1923, pág. 2.

41 Tamén participaron no mítin Salgado, García Temes e Raimundo Vidal Pazos. Estévez Castro, J.M^a. (1996).

42 FV, anos 1922-1923.

43 FV. 24 de setembro de 1922, pág. 4.

Publicidade

COMERCIAL
CASALEIRO
AUTOSERVICIO
Y PANADERIA
GUERRA

Telf 986 32 01 15 - Beluso

CALDAS
WAGEN
servicio oficial



Audi

ELECTRICIDAD
MECÁNICA
CHAPA
PINTURA

Carrasqueira, 87
telf/fax 986 32 3515 BUEU



CRISTALERÍA

MORRAZO

RÓTULOS LUMINOSOS
MARCOS Y MOLDURAS
CRISTALES BISELADOS
MURALES DECORATIVOS
ACRISTALAMIENTO A DOMICILIO

Avd. de Ourense, 103

telf y fax 986 30 33 21

móvil 970 50 35 37

Cangas do Morrazo

Ramal dos Galos, 4

telf y fax 986 32 29 15

Bueu



AEROBIC (AD. E INF.)
GIMNASIA DE MANTENIMIENTO
GIMNASIA 3º EDAD
MUSCULACIÓN

Xoán Carballeira, 10
telf 986 32 20 08 - Bueu

deputado cando este visita o concello. Nela recibe as visitas e celebra reunións.

Terminada a reunión, as forzas vivas obsequiarán a Vincenti cunha comida no Liceo-Casino⁴⁴. Donde poderá falar máis tranquila e intimamente cos seus correligionarios. Lóxicamente, un dos temas principais de conversación serán as próximas eleccións e as estratexias a tomar.

A visita dun persoeiro tan relevante como o deputado do distrito fai que a poboación saia á rúa e lle declare as súas simpatías. Incluso esta manifestación popular, en principio espontánea, pode ser entendida como unha manifestación máis de apoio de determinados sectores: *"(...) la entusiasta despedida que se le hizo demostró una vez más las simpatías con las que cuenta"*⁴⁵.

Cara ao mes de marzo, Vincenti fai unha breve visita a Bueu *"para saludar a unos amigos"*. Estas rápidas visitas vainas realizar por todo o distrito; son reunións de carácter privado que celebra con correligionarios e amigos políticos. Como nas outras ocasións en que visitou a vila, fíxoselle un gran recibimento e saudárono nutridas comisións das tres parroquias⁴⁶.

Vincenti inicia a verdadeira campaña o 16 dese mesmo mes de marzo. Chega acompañado do deputado provincial, e na Consistorial vai ser saudado pola corporación municipal, comerciantes, industriais, fabricantes, médicos, mestres e polo xefe de telégrafos e correos. Non se preparou un gran mitín, xa que se trata dunha visita na que os veciños máis *cualificados* acoden a manifestarlle a súa adhesión. O xornalista do *Faro de Vigo* recolle os beneficios que en breve tentará conseguir o deputado para o municipio: locais para escolas parroquiais, teléfono en Beluso e a Praia de Beluso, camiños veciñais, a carretera Pontevedra-Cangas, adquisición de terreos para un futuro grupo escolar e melloras varias en infraestruturas. Vincenti dí que a visita oficial vaina facer en breve⁴⁷. Tres días máis tarde o candidato liberal ofrece unha conferencia de propaganda electoral nun local ateigado de xente. Ademais de Vincenti tamén participan dous ex-gobernadores -os señores Landín e Boente-, o alcalde Miguel Nogueira⁴⁸, o teniente alcalde Camilo

44 É habitual que, cando un destes prohombres da Restauración se acerque ao seu coto, sexa obxecto de agasallos e festas. Barreiro Fernández, X. R. (1982).

45 FV, 24 de setembro de 1922. Páx. 4.

46 FV, 14 de marzo de 1923. Páx. 2.

47 FV, 16 de marzo de 1923. Páx. 8.

48 Elixido en febreiro do ano anterior. FV. 7-2-1922, páx.1, e 4-4-1922, páx.2.

SERVICIO OFICIAL



TALLERES BUEU

Pazos Fontenla, 82
Tel y Fax 32 24 95

BUEU
(Pontevedra)

LIBRERIA MIRANDA

Tu comercio

Pazos Fontenla, 35 Telf. 986 32 05 04 36930 BUEU (Pontevedra)

Davila e os fabricantes de conservas Gaspar Massó García e Juan Tapias⁴⁹. Fai as labours de presentador o médico de Vigo Manuel Riobó⁵⁰.

Ao rematar o acto Vincenti diríxese á Consistorial. Na praza do concello concéntrase unha manifestación de 300 mariñeiros, encabezada polo conserveiro Mauro Alonso. Vincenti escoita as reclamacións que estes fan con respecto aos impostos que os concesionarios da Lonxa exercen sobre determinada pesca⁵¹. O deputado reúne inmediatamente co alcalde e cos concesionarios da Lonxa, e tras dúas horas de conversas consegue que estes firmen un documento que recolle os obxectivos dos mariñeiros⁵². Terminada a reunión diríxense ao público os señores Tapias e Alonso, dicindo que o éxito debeuse á intervención do señor Vincenti, que foi quen de facer cumprir as aspiracións da clase obreira⁵³. Esta foi a estratexia que Vincenti artellara cos *amigos* locais durante as súas anteriores visitas a Bueu, máis efectiva que calqueira mitin propagandístico: unha manifestación do sector obreiro na que un representante das *forzas vivas*, fíxese as veces de portavoz das reclamacións mariñeiras. Nestas mesmas reunións tamén se debeu alcanzar un principio de acordo cos propios concesionarios; é sintomático que Gaspar Massó -conferenciante no mitin de Vincenti- foxe un dos concesionarios da Lonxa.

As eleccións ás Cortes celébranse o 29 de abril, e o 1 de maio saen publicados os resultados nos xornais do país, sinalando o triunfo de Eduardo Vincente Reguera polo distrito de Pontevedra: Eduardo Vincenti, 3442 votos e Emiliano Iglesias, 3.078 votos. En Bueu os liberais recolleron 725 sufraxios, fronte ao 268 do Partido Radical⁵⁴.

49 Juan Tapias Puig, industrial conserveiro dono dunha fábrica de conserva do peixe na praia de Pescadoira (Bueu). Estévez Castro, J. M^a. (1996).

50 FV. 19-4-1923 (páx.2), 20-4-1923 (páx.2) e 21-4-1923 (páx.2).

Manuel Riobó Guimeráns, médico e ciruxán natural de Cela. Foi médico en Bueu durante moitos anos até que pasou a ocupar plaza de médico forense en Vigo. Propietario, xunto con Marcial Bernadal, das illas de Ons. Estévez Castro, J. M^a. (1996).


51 En 1919 o concello autoriza a construción dun edificio para lonxa, solicitada polos fabricantes de conservas Luís Bolívar e Senén Sobral, quen a disfrutaron como concesionarios até a chegada da II^a República. Estévez Castro, J. M^a. (1996).

Gaspar Massó García -en representación de Massó Hermanos- tamén era, naquela altura, concesionario da lonxa. AMB e FV. 21-4-1923. Páx. 2.

52 Tamén interviron na reunión Mauro Alonso, Juan Tapias e o salgazoeiro Clemente Lago. Estévez Castro, J. M^a. (1996).

53 FV. 20-4-1923, páx.2. O arreglo entre as partes recolleu os seguintes puntos: 1) Condonación de todas as multas e sobreimento dos expedientes incoados; 2) Os mariñeiros non terán que pagar dereitos polo polbo, calamar, mexilón e mariscos de todas clases; 3) Os fabricantes Massó Hermanos, Mauro Alonso e outros abonarán ao concello a parte proporcional aos anos 1922 e 1923, que aquel debe percibir. FV. 21-4-1923, páx. 2.

54 FV. 1-5-1923, páx.1.



Instaladores Autorizados

**CALEFACCIÓN
FONTANERÍA
ELECTRICIDADE
GAS**

Montero Ríos, 153 Tfno/Fax 986 32 00 29
e-mail: intecal@eresmas.com
36.930 BUEU

INSTALACIONES REFORMAS MANTEIMIENTO

SERVICIO TÉCNICO PROPIO

WINTERTHUR

Agente Pilar Santaclara Garrido

***somos profesionales del seguro
¡consúltenos!***

NUEVAS OFICINAS

**Rúa Nova de Arriva, 73 BELUSO(Bueu)
TFNO 986 32 41 21 FAX 986 32 32 37**

O recién electo deputado Vincente visita Bueu a principios de maio. Como sempre, os *amigos* prepáranlle un magno recibimento e que se traducirá na celebración dunha festa na parroquia de Cela en honor do *seu* candidato⁵⁵. Posteriormente, o deputado recorrerá as tres parroquias do municipio, manifestando o seu público agradecemento na confianza depositada para defender os intereses do distrito en Madrid. A xornada remata cunha comida na parroquia de Beluso, ofrecida polo médico Rogelio Val Barros na honra do deputado⁵⁶.

O alcalde Miguel Nogueira publica un bando municipal, e que ben poderíamos considerar como o remate oficial da campaña electoral en Bueu. É un sabroso texto en que o alcalde expresa a súa ledicia institucional polo triunfo, e regaña aos votantes que se manifestaron en contra da candidatura de Vincenti:

"A LOS VECINOS DE BUEU.

Como seguramente ya todos sabeis ha triunfado el candidato señor Vincenti, quien continuará ostentando la representación de este distrito en las nuevas Cortes.

La jornada ha sido verdadera prueba y no menos gloriosa, tanto por la expulsión (sic) de entusiasmo exteriorizado en los que compartimos con los principios del orden como depresivo para quienes, guiados por ciegos estímulos, han dado su voto en contraposición. Ello es de lamentar, pero confiamos en que el tiempo se encargará de desvanecer toda incertidumbre y este pueblo depositará su omnímoda confianza en el diputado, que con mayor fe si cabe, ha de laborar cada vez más en el desarrollo de los intereses morales y materiales de esta comarca, y atenderá las peticiones que se le hagan.

Deseoso pues el señor Vincenti de saludar a sus leales amigos y agradecerles personalmente la nueva prueba de confianza que le dieron en la contienda electoral última, ruego a todos acudan a recibirlo el próximo domingo, día 6, a las cinco de la tarde, con el cariñoso entusiasmo de siempre.

*Bueu 3 de Mayo 1923"*⁵⁷.

55 Recordemos que o principal núcleo Radical de Bueu estaba nesta mesma parroquia.

56 FV. 6-5-1923. Páx. 5.

Na parada que a triunfal comitiva fixo na Consistorial houbo varios discursos a cargo do profesor local Higinio Pérez, Gaspar Massó e o gobernador Boente. Estévez Castro, J.M^a. (1996).

57 FV. 6-5-1923. Páx. 5.

Publicidade



Inmobiliaria Eurolar C.B.

COMPRA VENTA DE PISOS, CASAS, CHALETS, FINCAS
ALQUILERES.
TRASPASOS.

Eurolar con la mayor profesionalidad

Montero Ríos, 181
Tfno. 986 323 269
BUEU (Pontevedra)

Café - Bar

EL PESCADOR



**Tapas variadas
Pescados de la Ría
Vino Ribeiro y Albariño
Tinta Femia**

Alfonso Castelao, 6 Telf. 986 32 42 69 -Bueu

A POLÍTICA DAS MASAS.


Non foi moito nin moi continuado o que mandaron os obreiros en política, pero isto non quere dicir que non influen ou que, en determinados intres, non participasen activamente na vida política local.

A Restauración e a dictadura primorriverista foron épocas, ao igual que as anteriores, nas que mandaban as elites. Nas que os adineirados decidían o que conviña, fundamentalmente a eles mesmos, sen que o *común* acertase a decidir por si mesmo. Aínda que a situación cambiou un tanto durante a dictadura de 1923, non foi até a chegada da IIª República, cando se enceta un proceso de democratización da vida española que afecta, en maior ou menor medida, a todos os recantos do estado.

Con este apartado, pretendemos presentar algunhas das manifestacións nas que os sectores sociais que non pertencen ás elites dirixentes inciden na política local.


O Asociacionismo local.

A inclinación dos habitantes de Bueu por constituirse en asociacións, sociedades, xuntas ou centros xa se manifesta dende moi cedo. A primeira sociedade da que temos constancia é a de Socorros Gandeiros *San Antonio* de Bueu, fundada en 1873¹. No mesmo final de século tamén se crean varias



¹ Esta é a sociedade de Socorros Gandeiros máis antiga de Galiza da que temos noticias. APASC.

Publicidade



CONSTRUCCIONES J. PASTORIZA

HACEMOS REALIDAD SUS
PROYECTOS E ILUSIONES

ESTRUCTURAS DECORACIÓN Y TODO TIPO DE CONSTRUCCIONES

Avda. Montero Ríos, 60 Tfno. 986 323 358 686 987 060
BUEU - PONTEVEDRA

CORPBISO S.L.
AREA DE SERVICIO



Meroil

SABARIGO - CELA - BUEU
TELF 986 32 41 38 FAX 986 32 43 71

sociedades, de entre as que cabe destacar á *Sociedade de Canteiros* (1899), e que será unha das formacións profesionais con máis forza no concello até 1937²

Da importancia do asociacionismo en Bueu dan boa conta o número de sociedades que actuaron na vila dende o derradeiro cuarto do s. XIX até 1937, con un total de 56 asociacións³ (sen contar as tres de emigrantes ubicadas na América).

Este volume societario cubría diferentes ámbitos, susceptibles de someterse aos rexímenes asociativos. Así temos sociedades de socorros gandeiros, centros e sociedades recreativas, de contribuintes, mariñeiros, patróns de pesca, labregos, carpinteiros, comerciantes, de mozos (as consabidas *Juventudes* locais que organizaban as festas parroquiais), futbolísticas ou relixiosas. Tamén proliferaron as organizacións de carácter político como un *Comité Marxista* local (1919)⁴, a *Unión Regional de Derechas*, sección feminina (1933), *Partido Republicano Radical de la Isla de Ons* (1933)⁵, o *Grupo Galleguista*⁶ ou a *Juventud Socialista*.⁷

Existían tamén varias sociedades de emigrantes de Bueu nas Américas. Unha de instrucción en Cuba, *Unidos del Ayuntamiento de Bueu* (Buenos Aires) e a *Unión Cultural de Bueu, Beluso y sus Contornos* (New York)⁸.

Como se pode apreciar, o concello de Bueu experimentou unhas grandes ansias corporativistas dende moi cedo.



2 AHPP e Álvarez Pérez, J. R. e Millán Otero, X. M. (1997).

3 AHPP e AMB

4 AHPP.

5 AHPP.

6 Álvarez Pérez, J.R. "Johán Carballeira. Unha obra por rematar." Grial (en prensa)

7 AHPP.

8 AMB, APASC e Núñez Seixas, X.M (1998).

Publicidade



DEPORTES QUIROS

Eduardo Vicenti, 12 Telf 32 43 40
Bueu (Pontevedra)

!consiguelo ya !

**TU PERMISO DE
CONducIR Y LICENCIA
DE CICLOMOTORES**

**AUTOESCUELA
SEIXO**

**Rúa Canivelos, 3 Bueu
986 321 559**

SANEAMIENTOS CALDAS, S.L.

- * Saneamientos
- * Materiales de Construcción
- * Transportes

Rúa A Pedra, 3 - 1º - Av/ Pazos Fontenla, 72 - 1º C
Tel y Fax 32 07 50 - Tel. 32 06 22
BUEU - (Pontevedra)

CHIMPALLE OUTRA GHASIOSA



Pazos Fontenla, 72 BUEU

Non vamos a tratar aquí a procedencia do interese corporativo da localidade, aínda que sí pódemos dicir que os retornados americanos⁹ e as sociedades de canteiros¹⁰ puidesen ter boa parte de culpa no proceso de introducción das ideas asociativas.

Co visto até aquí, podemos apreciar como unha abrumadora cantidade das sociedades comentadas o son de traballadores, labregos e mariñeiros, é dicir, do *común* da masa social. A intervención do sector obreiro-labrego na política rural dependerá da importancia e influencia que as sociedades nas que están inscritos exerza no entorno municipal. De entre todas as sociedades que se organizaron na vila a de *Canteiros* e *El Adelanto Marinero* foron, con diferenza, as máis importantes. Tanto por potencia organizativa e volume de socios como por lonxevidade cronolóxica (A sociedade de *Canteiros* funcionou dende 1899 até 1936, e *El Adelanto Marinero* dende 1917 até 1936)¹¹.

Principalmente foron estas dúas sociedades as que levaron o peso das reivindicacións obreiras no municipio. Non foron poucos os atrancos que tiveron que superar, tanto a nivel institucional -concello e Delegacións gubernativas- como no tocante a lóxica oposición de empresarios, patróns e conserveiros. A nivel asociativo local tiveron a oposición das sociedades de carácter recreativo tales como o *Liceo-Casino* ou o *Centro-Recreativo*. a pesar de que o réxime estatutario recollía explícitamente o apoliticismo destas sociedades de lecer¹², o certo é que nos salóns os asociados -pertencentes as elites económico-sociais locais- discutían, a miúdo, dos problemas orixinados polas organizacións obreiras da vila.

El Adelanto Marinero.

O principal obxectivo de *El Adelanto Marinero* era o de reunir a todos os traballadores da pesca en Bueu (excepto os non matriculados), na busca de mellorar a súa condición. Defenderán e representarán ao sector mariñeiro diante

⁹ Núñez Seixas, X.M. (1994).

¹⁰ Durán, J.A. (1977).

Nas orixes do Movemento Obreiro -a fins do s. XIX- os emigrantes retornados non xogaron un papel tan decisivo como o dos canteiros, verdadeiros dinamizadores do sindicalismo nos centros urbáns e semi-urbáns. Núñez Seixas, X. M. (1998).

¹¹ Álvarez Pérez, J. R. e Millán Otero, X. M. (1997).

¹² A Sociedad Casino expón: "Artículo 1º. (...) siendo por lo tanto ageno (sic) á este centro toda manifestación de carácter político y todo lo que tienda al descrédito de las instituciones vigentes". RSCB (1885).

Publicidade

DAVILA

M O D A

Montero Ríos, 215
Telf 32 00 53
Eduardo Vicenti, 13
Telf 32 16 50
Bueu

Gemma Cestay

ARTÍCULOS PARA REGALO
BARRO - MIMBRE
BISUTERÍA - COSAS

Montero Ríos, 157
Telf 32 04 38
Bueu



Artesanos del Mueble

J.M COMEDEIRO

MUEBLE AUXILIAR
MUEBLES DE COCINA

Ramal dos Galos, 7 Tfno 986 32 29 06
BUEU
Av7 de Cangas, 49 Tfno 986 32 26 58

PYRAMIS

BUEU

dos patronos, e solicitarán das autoridades unha lexislación que lles favorezca: fixación dun salario mínimo, o estrito cumprimento das leis de accidente de traballo e o descanso dominical. Tamén se encargará de proporcionar aos asociados un seguro laboral¹³

Asimesmo a solidariedade rexerá as relacións da sociedade con outras do mesmo carácter obreiro "*de todos lo países, nacionales y extranjeros*"¹⁴. Pero non exercerán esta solidariedade con todo aquilo que sone a patrón. Aínda que non o declare de xeito explícito, o certo é que *El Adelanto* nace cun marcado carácter anti-patronal, alomenos así se desprende do seu regulamento, chegando a comparar a conversión dun mariñeiro en patrón de pesca coa traición á sociedade.

"Art.9º. *El socio que llegue á patronear una embarcación de vapor ó hiciere traición se hará acreedor al correctivo que la misma (Sociedade) acuerde, y no tendrá voz ni voto en las reuniones*"¹⁵.

O centro da actividade societaria é a sede social, donde se discuten as iniciativas dos asociados na mellora do sector. Neste sentido, a sociedade dirixirase ás autoridades gobernativas como representante legal dos mariñeiros. No mesmo local celebráranse mitins de propaganda societaria e trátase dos beneficios que a sociedade aporta aos traballadores¹⁶.

Durante a Restauración e Dictadura primorriverista a sociedade centrouse na propaganda societaria e na organización de manifestacións e algunha folga, sen ter unha participación *legal* na política local. Isto parece que cambia coa chegada da IIª República, donde a colaboración entre concello e sociedades faise patente, aínda que non sen problemas.

Unha das primeiras decisións que toma o recién estreado goberno republicano é a da incautación da Lonxa do peixe¹⁷, e *El Adelanto Marino* prestoulle o seu decisivo apoio nesta toma de postura. O goberno local acorda recompensar á sociedade nomeando ao seu Presidente *fiscalizador* das contas

13 Os beneficiarios deste seguro serán os accidentados ou inválidos permanentes por accidente no traballo. REAMB (1917).


14 REAMB (1917), pág. 1.

15 Op. cit., pág. 5.

16 Comunicados de EAM ao Alcalde de Bueu. Dec 1919, 24.3.1920, 9.4.1920 e 21.5.1920. AMB.

17 Dende 1919 a Lonxa estaba cedida en réxime de concesión aos fabricantes de conservas Luís Bolívar, Senén Sobral e Massó Hermanos. Coa chegada da IIª República o concello derogou esta concesión e el mesmo se fixo cargo da administración da Lonxa. Estévez Castro, J.Mª. (1996).

Publicidade



Padín
Joyeros

Marcas
Exclusivas



SEIKO



CITIZEN



PAZOS FONTENLA, 23 - Telf: 986 320 757 BUEU

La Fiorentina
PASTELERIAS

Especialidad

Tartas de hojaldre y nata

Pazos Fontenla, 77 Telf 986 32 20 12 BUEU

Pazos Fontenla, 42 Telf 986 32 03 81 BUEU

da Lonxa¹⁸. Aínda que finalmente desdícese do prometido e mantén no posto ao até ese momento *fiscalizador*¹⁹.

Hacia mediados do ano 1932 encétase na vila un conflito pesqueiro que condicionará as relacións entre mariñeiros e armadores até ben entrado o ano seguinte. Nun principio vai ser un conflito entre o armador Francisco Chapela e a súa tripulación, no que se lle solicita ao primeiro o pago dunha indemnización. *El Adelanto* intervéñ na defensa dos seus asociados, o que provoca a entrada no conflito da Unión de Armadores, facendo deste un problema que enfrontará aos armadores de barcos de pesca e os mariñeiros do municipio. O que naceu como un problema particular converteuse na reivindicación dos mariñeiros por unhas bases que regulamentaran o seu traballo. A presión que o colectivo mariñeiro exerceu por medio do *Adelanto* foi tal, que os armadores tiveron que firmar estas bases se querían seguir sacando os barcos a faenar. Provocou un paro que mantivo a 2.000 mariñeiros en paro durante un período de 8 meses²⁰.

Sociedade de Canteiros.

Como a práctica maioría das sociedades de canteiros do país, a de Bueu declárase de ideoloxía socialista²¹ e vinculada á *UGT*²². Estas relacións formais co socialismo continúan e fortalécense durante a dictadura de Primo, sendo en 1927 cando deciden comprar unha foto de Pablo Iglesias para colocar na sede social²³.

A sociedade de *Canteiros* de Bueu nace cun obxectivo primordial e troncal: mellorar en todo o posíbel o estado e condicións dos asociados. Para tal efecto, e entre outras disposicións, a sociedade recolle a posibilidade de

18 Comunicación de EAM ao concello de Bueu. 16.8.1931. AMB.

19 A sociedade mariñeira considera que o cargo de fiscalizador debe estar ocupado polo Presidente da sociedade, xa que son os mariñeiros os que pagan a maior parte das cantidades que este recauda. Comunicación de EAM ao concello de Bueu. 16.8.1931. AMB. O concello rexeita a petición da sociedade por considerar que o actual ocupante do cargo é competente -cousa que non se sabe do Presidente da sociedade-, e que o goberno local non debe someterse ás variacións nas directivas da sociedade. Sesión del Ayuntamiento de 1 de Agosto de 1931. AMB.

20 AMB e Álvarez Pérez, J.R. "Johán Carballeira. Unha obra por rematar". Grial (en prensa) e Pereira, D. (1994).

21 Durán, J. A. (1977) e Pereira, D. (1992).

22 RSCB (1910).

23 Acórdouse, en xunta xeral, pagar a Secretaría de Administración de El Socialista, ao contado, a foto de Pablo Iglesias. Comunicado da SCB ao alcalde. 21.6.1927. AMB.

Publicidade



1º GRUPO ÓPTICO GALEGO

Pazos Fontenla, 37

Tfno 986 324 095

BUEU

Rúa do Sol, 8

Tfno 986 881 615

MARÍN

B A R

O LAMBEDEIRO DO VIÑO

TAPAS E VIÑOS DO PAIS

Tfno. 986 32 07 12

Tintorería NOEN

Eduardo Vicenti, 55 interior

Telf 32 32 82 Bueu

ASESORIA FISCAL
CONTABLE
ADMINISTRATIVO Y JURIDICA

A. CABODEVILA

FISCAL-LABORAL-CONTABLE-JURÍDICO
SEGURO GENERAL

NO SOMOS LOS MAS BARATOS
PERO RESPONDEMOS POR
NUESTRO TRABAJO

Montero Ríos, 99 Galerías
Telf 32 32 65 - 36930 Bueu

Rosana Estévez ESTÉTICA
BELLEZA

estetica-quiromasaje-solarium

Depilación medica con laser

- última tecnología
- garantía médica
- resultado comprobado
- SIN RIESGO

Eduardo ,Vincenti, 13 entlo.

☎ 986 323 480 36.930 BUEU

instruír aos socios coa organización dunhas clases, cando os fondos da sociedade o permitan²⁴.

Defenderá e representará aos seus socios nos conflitos que estes teñan cos mestres de obra. Cabe salientar que a relación entre canteiro e mestre non o é entre obreiro e patrono: os mestres pertencen o mundo obreiro; dalgún xeito son canteiros *mellorados*. Aínda así, os problemas entre contratistas e canteiros van existir, por varias razóns: impago do salario estipulado, non respetar o horario laboral ou o descanso dominical, incumplimento da Lei de Retiro Obreiro, etc. Nestes enfrontamentos *"Todos los socios tienen derecho al apoyo moral y material de la Sociedad"*²⁵. Como única, pero efectiva, medida de presión empregan a ameaza de folga:

*"(Os socios) que por defender los derechos de la Sociedad sufriesen sus intereses ó se hubiese (sic) creado enemistades entre los maestros; y si agotados todos los medios que esta Sociedad se propone según conforme aconseja la razón y la justicia, el maestro á (sic) quien se le dirigiera una circular fuese tan obcecado que no atendiese á ella, los operarios que estuviesen en su taller ú obra no tendrán necesidad de presentarse en dichos sitios é (sic) interín tanto no se llegue á una avenencia con dicho maestro, la Sociedad les abonará un diario"*²⁶.

Para que esta ameaza surta efectos positivos é necesario que a sociedade teña asociados á maioría dos canteiros e constructores da vila. Tal obxectivo non vai ser dificultoso, xa que os beneficios que a sociedade reporta aos socios son obvios; pero sempre hai quen se desvinculan, fundamentalmente por impago da cuota. Existe un apartado estatutario destinado a paliar posíbeis baixas: quen se separe da sociedade e máis tarde decida volver incorporarse terá que abonar as cuotas atrasadas dende a data en que causou baixa²⁷. Así pois, tendo en conta os beneficios que se ofrecen e por non sufrir a enemistade da maioría dos compañeiros, poucos son os non asociados.

A presión dos traballadores do sector para que todo canteiro-constructores se inscribise na sociedade era tal que cando chegan traballadores de fora, case que inmediatamente estes apúntanse na asociación. Tal sucede con motivo das obras do Porto. Comenzan en 1917 e non estarán totalmente rematadas até 1962, o que nos serve para calibrar a importancia que tivo para

24 RSCB (1910), pág. 2.

25 RSCB (1910).

26 RSCB (1910).

27 RSCB (1910).

Publicidade

MATERIALES DE
CONSTRUCCIÓN

POUSADA
E
HIJOS S.L

C.I.F. 36.302.682
Ctr. Praia de Lagos, 26
Beluso-Bueu-Pontevedra

FERRETERÍA
BRION

MATERIAL ELÉCTRICO
FONTANERÍA
HERRAMIENTAS PARA
LA CONSTRUCCIÓN

Rúa Nova Ae Arriba, 10 - Telf 986 32 23 42 - Beluso

TANDY
BELUSO

GRUPO FROIZ

Telf 986 32 32 35

SOLIÑO
droguería
perfumería

Telf 986 32 02 21 - Beluso

os traballadores do municipio²⁸. Parece que xa dende un principio participaron nesta construción canteiros de fora da localidade, e incluso procedentes de Portugal²⁹. Os novos traballadores acudían voluntariamente á sede social para apuntarse³⁰. Desta situación devén as relacións que a sociedade ten co país veciño, establecéndose así contacto entre organizacións lusas e as galegas, e reafirmándose no internacionalismo dos presupostos socialistas.

Nos anos vinte e trinta, o número de mestres canteiros que contraten obras no concello será constante³¹. Como dixemos anteriormente, os conflitos entre sociedade e mestres -aínda que porcentualmente son poucos- sí se producen (impago de salarios, incumprimento do horario, etc.). Pero a sociedade non vai exercer o seu poder vehementemente, senón que actuará seguindo os parámetros da *xustiza laboral*. Así, en 1925 celebrouse unha xunta para tratar do despedido de dous asociados na obra do mestre Ventura García, por queixas no traballo. A sociedade decide que "lo cual quedó sin efecto (a queixa dos obreiros) y quedando á cordado (sic) por esta Colectividad que an (sic) sido los culpables los compañeros queda sin efecto la protesta"³².

Pero estas boas relacións non existen con todos os contratistas. Aínda que son varios os conflitos sostidos entre a de *Canteiros* e algúns mestres ao longo do tempo, especialmente problemática é a relación con Antonio Álvares Ferreira. Son constantes as queixas que a sociedade remite ao concello acerca do incumprimento das bases do traballo acordadas cos demais contratistas, e en especial non respeta os aumentos nos salarios dos obreiros³³. As obras no Porto tamén son foco de tensións laborais, o que leva á sociedade a reunirse

28 Estévez Castro, J.Mª. (1996).

29 Un gran número dos canteiros que traballaban no municipio eran naturais de Pontevedra (Linthoudt, 1997). Xa dende 1918 e, nun maior número, a partir de finais dos anos vinte, aparecen vinculados ás obras do porto moitos nomes de clara procedencia portuguesa (da Fonte, Álvares Ferreira, Tomás Coello, de Sá...). Ademais, existe correspondencia remitida dende Portugal á sociedade para saber dos traballadores lusos. Actas da SCB, 1918-1928. AMB. Lindthoudt (1997) di que entre 1924 e 1926 establecéronse no término municipal varios canteiros portugueses.

30 Comunicación da SCB ao concello. 24.2.1928. AMB.

31 Un total de once mestres canteiros para o período 1925-1934: Ventura García, Manuel Fontán Gómez, Constantino Gil Caramés, José Dios, Manuel da Fonte, Antonio Álvarez Ferreira, Manuel Fontán Barreiro, Manuel Nores Camaño, Eduardo Solla Crespo, Cesáreo Sanmartín e Francisco Vidal. Comunicados da SCB ao alcalde, 1925-1934.AMB.

32 Comunicado da SCB ao concello. 28.8.1925. AMB. Seguindo os documentos consultados parece que a sociedade nunca tivo conflitos con Ventura García. Nas mesmas datas deste conflito o mestre Ventura García exercía o cargo de alcalde. AMB.

33 Comunicacions da SCB ao concello. 2.9.1918. e 5.6.1925. AMB.




AUTO-ESCUELA BUEU

AUTORIZADA PARA LCC A-1 A B C D

Alcalde Xoan Carballeira, 10
Telf 986 32 02 33 36930 Bueu - Pontevedra

CAFÉ-BAR ROSA DE LOS VIENTOS



Pazos Fontenla
Bueu

MERCERÍA CHIQUELLOS

valencié, puntillas,
medias, botones,
ropa de bebé, lencería

Alexandre Bóbeda, 10
Bueu

para "Tratar de hunos (sic) atropellos y de Sorden (sic) en el trabajo de las Obras del puerto"³⁴.

As boas ou malas relacións entre mestres e Sociedade tamén veñen determinadas por outro tipo de cuestións. Hai un artigo estatutario que contempla a posibilidade de baixa se un compañeiro se convirte en contratista³⁵. Existen casos nos que o mestre é socio, e polo tanto debe comportarse como tal: así que deben estar ao corrente coas cuotas e non admitir obreiros dun contratista que non cumpra coa sociedade³⁶. É outro dos mecanismos de control da de *Canteiros*; se todo o sector está afiliado non haberá problemas, mais un contratista ou obreiro sufrirá as presións dos compañeiros se non cumpre ou fai cumprir os presupostos e acordos societarios. Está situación é especialmente seria para o mestre de obras, quen pode verse sen traballadores se un só da súa cuadrilla non cumpre coa sociedade: ten a obra parada e a obriga de dar explicacións a quen lle paga, que en ocasións pode ser un dos principais da vila³⁷.

As relacións da sociedade cos mestres canteiros desenvolvíanse dun xeito determinado. De entre os asociados dunha obra nomeábase un *Delegado*, para representar á sociedade na obra e aos obreiros nas xuntas³⁸. Tal *Delegado* tiña as obrigas de cobrar as cuotas de socio na cuadrilla, comunicar acordos entre mestres e canteiros, atender as queixas dos compañeiros e dar conta delas á Xeral³⁹. Do mesmo xeito, tamén tiña potestade para denunciar irregularidades nos acordos previamente establecidos entre sociedade e mestre: respecto do descanso dominical, cumprimento do horario, etc. Así mesmo o Delegado denunciará ante á directiva a todos aqueles compañeiros de obra que non paguen a cuota, caso no que a sociedade tomará as medidas oportunas: o primeiro paso sempre é poñer o asunto en coñecemento do mestre canteiro, así pódese aumetar a presión sobre os infractores ao incidir, dun lado os que pagan e doutro os compañeiros. Nalgúns casos o propio *Delegado* pode tomar iniciativas particulares: o delegado da obra de Manuel Fontán Gómez, Eusebio

34 Comunicación da SCB ao concello. 12.6.1922. AMB.


35 "Artg. 9º. Los socios que se declaren contratistas y se den de baja en virtud de solicitud, serán admitidos nuevamente si lo solicitan, siempre que haya cesado la causa que motivo la baja. No podrá exigírsele las cuotas atrasadas, siempre que su proceder para con los operarios asociados haya correspondido al deber de compañerismo y fraternidad" RSCB (1910), páx.4.

36 Comunicación da SCB ao alcalde, 1.5.1928. AMB.

37 As obras dos señores Massó atópanse paralizadas polo impago de 13 recibos por parte dun traballador. Comunicación da SCB ao concello. 30.10.1925. AMB. Deste xeito convén ter a ben á sociedade de canteiros, xa sexa por parte dos mestres ou por parte dos que encargan as obras.

38 RSCB (1910).

39 RSCB (1910).



Solla, denuncia ante a Xeral a dous compañeiros por impago da cuota "y si no las asen (sic) efectivas este compañero no trabaxará con ellos"⁴⁰.

As xuntas son o centro de toda a actividade societaria. Nelas fórmulanse e discútense unha ampla gama de cuestións: cuotas, aprobación de contas, canéts, inscricións de novos socios, nomeamento de Delegados de obras, plantexamento de folgas, organización da *Festa do Traballo*, celebración de conferencias e mitins, eleccións de directivas, lectura de cartas e comunicados, etc. Son os socios quen toman as decisións que logo a directiva poñerá en funcionamento, é así que a xunta é donde se informa e dá conta de todo.

Unha teima do colectivo nas relacións cos mestres é o respecto da xornada laboral das oito horas. Son as xuntas da sociedade, e non os contratistas, quen, na busca dun mellor aproveitamento da xornada de traballo, establecen os horarios. Estes elabóranse atendendo a meses ou a períodos:

Outubro, marzo e abril: de 8-12 hrs. e de 13'30-17'30 hrs.

Novembro-febreiro: de 8-12 hrs. e de 13-17 hrs.

Maio-setembro: de 8-12 hrs. e de 14-18 hrs.⁴¹

Nas actividades das xuntas reflíctese unha preocupación por estar constantemente informados, e isto devén na lectura de xornais: aínda que non en todas, sí se leían periódicos durante as reunións, caso de *El Socialista*, *La Edificación* ou *El Trabajo*. Poida que sexan xornais especializados -dende un punto de vista ideolóxico e profesional-, pero manifestan unha ansia de querer (e deber) saber o que acontece⁴².

Ao analisarmos a correspondencia que mantén a sociedade de *Canteiros* sabemos das súas relacións. A militancia socialista devén nunha lóxica relación epistolar coa *Federación Nacional* ou a *UGT*, na que se dan conta das liñas de actuación a seguir, conclusións e acordos de congresos nacionais e internacionais, apertura de suscripcións, etc.⁴³ Como xa dixemos con anterioridade, en Bueu non só actúan traballadores da vila, senón que tamén o fan doutras localidades. Do mesmo xeito, os canteiros de Bueu van traballar a outras zonas. Tal situación xenera correspondencia entre as sociedades dos distintos municipios, informando de quen vai traballar, de que

40 Comunicación da SCB ao concello. 4.10.1928. AMB.

41 Comunicacións da SCB ao concello. 10.10.1925, 14.5.1926, 3.4.1927, 9.3.1928 e 1.5.1928. AMB.

42 Comunicacións da SCB ao concello. 24.9.1926, 21.6.1927 e 20.9.1928. AMB.

43 A Federación Nacional aconsella a apertura dunha suscripción para subragar os gastos no estranxeiro dunha comisión desta mesma Federación. Comunicación da SCB ao concello. 16.4.1926. AMB.

Publicidade

MOTO SPORT



TLF. 986 32 27 14

BUEU

Ramón Bares 40


Móvil 616 872 051



PIENSOS

EL HORREO S.A.

C/ Ramón Bares 40 bajo
Telf 986 324 102 BUEU



SUPERMERCADO O CRUCEIRO AUTOSERVICIO

Rosa, 8

Tfno 986 321 684

Beluso

Alfredo García Castro



MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN

ALMACEN Y EXPOSICIÓN

Ramón Bares 72 BUEU Telf. 986 324 290

deben pagar as cuotas, etc.⁴⁴ A chegada de traballadores portugueses fai que estas mesmas relacións se estendan ao estranxeiro, e así se lle escribe a Portugal informando sobre compañeiros de aquí⁴⁵ ou dando conta de traballadores que adebedan en Bueu o pago das cuotas⁴⁶. Noutras ocasións atenden peticións de socorro que se lles dirixen, ben por caso de enfermidade ou ben por calquera outro motivo⁴⁷.

Por outra banda, as xuntas nomean comisións de compañeiros para entrevistarse cos mestres de obras⁴⁸. Incluso para asitir a mitins, conferencias ou reunións organizadas por colectividades de fora do municipio⁴⁹.

Relacións entre El Adelanto Marinero e a Sociedade de Canteiros.

Como é lóxico os dous colectivos obreiros máis importantes da vila van ter unha constante relación entre sí. Poderíamos tomar como significativo que, durante un longo tempo, *El Adelanto* empregou o local social dos Canteiros nas súas actividades⁵⁰.

A primeira actuación conxunta da que temos constancia produciuse en xaneiro de 1918, pouco despois de que a de mariñeiros se constituíse en sociedade. Existe un conflito entre os obreiros de Bueu con veciños de Cangas e da propia vila, e que a mala conservación do documento non nos permite establecer en que consiste. O Presidente da de *Canteiros* e o Vicepresidente de *El Adelanto* diríxenlle o seguinte comunicado ao concello para que solucione o conflito:

"(...)resolvieron (as xuntas directivas) en bien del Pueblo poner en el Superior Conocimiento de V. los abusos que los acaparadores y acaparadores (sic) de la inmediata villa de Cangas y de este mismo pueblo (...) vienen cometiendo constantemente en la plaza de esta villa haciendo imposible la

44 A sociedade de Cangas envíalle un comunicado á de Bueu para que lle informe a dous compañeiros que se poñan ao corrente na sociedade da vila veciña. Comunicación da SCB ao concello. 24.10.1924. AMB.

45 A de Canteiros escribe a Viana do Castelo dando conta do compañeiro Manuel Fernández. 20.9.1928. Comunicación da SCB ao concello. AMB.

46 A de Canteiros comunica a Portugal que o compañeiro Tomás Coello adebeda nesta sociedade 16 recibos. Comunicación da SCB ao concello. 3.4.1927. AMB.

47 Comunicacións de SCB ao concello. 17.10.1921 e 21.11.1921. AMB.


48 Comunicación da SCB ao concello. 3.8.1928. AMB.

49 Envíase unha comisión de dous compañeiros a Vigo. Comunicación da SCB ao concello. 27.8.1926. AMB.

50 Comunicacións de EAM ao concello. dec.1919, 24.3.1920 e 21.5.1920. AMB.

Publicidade

PLAYA DE BELUSO RESTAURANTE



Telf 986 32 07 92
Praia de Beluso - Bueu

CARPINTERÍA DE ALUMINIO

CRISTALERÍA


VILLANUEVA

Vilar - Beluso
telf 986 32 10 49

CARNICERÍA CHARCUTERÍA

CARLOS

Especialidad en:
carnes de ternera,
cordero y cerdo



Carretera da Igrexa, 112 - telf 986 32 05 32 - Beluso

CALZADOS

Ricobó

ZAPATOS BOLSOS COMPLEMENTOS

Pazos Fontenla, 36
Telf. 32 02 67 Bueu

vida al pobre obrero que con el sudor de su trabajo tiene (que) sostener a su esposa e hijos"⁵¹.

Serán máis as oportunidades en que as dúas sociedades xuntan as súas forzas en obxectivos comúns, principalmente na celebración de folgas, conferencias ou do 1º de Maio. Esto comentaremos nun próximo apartado.

Relacións das sociedades coas institucións gobernativas.

Son constantes as comunicacións entre as sociedades e as institucións gobernativas -principalmente co concello, aínda que tamén hai correspondencia directa entre estas e o Goberno Civil provincial-. O tema principal desta relación é dar conta das actividades societarias realizadas ou a realizar. Así atopámonos cun sin número de peticións para celebrar xuntas e conferencias, ou para dar conta de acordos con contratistas, patróns e industriais. Tamén solicitando a intervención do municipio nos conflitos xurdidos entre obreiros e patronos.

O principal destinatario desta correspondencia vai ser o concello. O alcalde envía as solicitudes de reunións ao Goberno Civil, quen concede ou non os permisos solicitados. Se o permiso é concedido, o alcalde enviará un *Delegado da Autoridade* para dar conta do que aconteza á representación do Goberno na provincia (tal sucede, fundamentalmente, durante a dictadura de 1923-30). Este *Delegado* deberá dirixirse sempre según a seguinte premisa: "*caso de que se traten otros asuntos que los consignados, no permitiendose más preguntas y proposiciones que las que se refieran exclusivamente a la buena marcha de la Sociedad*"⁵².

Pero as relacións coas institucións de goberno non só se limita a peticións de permisos. As sociedades deberán inscribirse no *Censo Electoral Social*, e que en tempos estivo regulado polo *Instituto de Reformas Sociales*⁵³. Os *Comités Paritarios*, creados en época do Directorio Militar, tiñan unha importante incidencia no desenvolvemento das actividades destas sociedades. Cada colectivo debía ter unha representación no *Comité Paritario Interlocal* da provincia, que informase dos acordos alí establecidos e que se comprometese ao cumprimento dos mesmos⁵⁴. Os *Comités Paritarios* ocupábanse, entre

51 Comunicado da SCB e EAMB ao concello. Xan. de 1918. AMB.

52 Comunicación da Delegación Gobernativa Provincial ao concello de Bueu. 17.8.1926. AMB.

53 Comunicacións da SCB ao concello, 21.6.1927 e comunicación do Instituto de Reformas Sociales ao concello de Bueu sobre EAMB, 10.12.1920. AMB.

54 En 1928 constitúese a mesa electoral na que se elixirán os representantes da sociedade de canteiros no

Publicidade



H. SANTOS

PELUQUERÍA
Y
BELLEZA

CASTELAO, 8 TELE 986 321 534 - BUEU



C/ PAZOS FONTENLA

BUEU

PUNTO



PUNTO

TU TIENDA
ESPECIALIZADA EN
LABORES

Rosalía de Castro, 1
BUEU



SOCALOR S.L.

Fontanería
Calefacción
Riegos
Piscinas
A.T. Calderas
Agua caliente
sanitaria

Pazos Fontenla 48, E 36930 Bueu (Pontevedra)
Tfno 986 42 43 34 / 609 23 31 76 / 609 21 58 43

outras cousas, de mediar nos conflitos xurdidos nas relacións de traballo: recibía as protestas de obreiros ou patronos no tocante a infraccións da lexislación; e, asesorados polo *Inspector Provincial del Trabajo*, analisaban as instancias de ambas partes e impartía un veredicto⁵⁵.

Por outra banda, tamén manteñen relacións cos órganos dos sindicatos obreiros. Xa comentamos a correspondencia da *UGT* e *Federación Nacional* que chega ao local social do colectivo de obreiros constructores de Bueu. No caso dos canteiros, as relacións coa *Federación Nacional* son as máis frecuentes: para organizar suscripcións, enviar os carnés, dar conta do acontecido nos congresos ou mesmo tratar cos colectivos locais da organización destes congresos⁵⁶. Este colectivo obreiro local manda comisións que o representen nas reunións que a *Federación Nacional* organiza en Madrid, e con tal motivo teñen que ter en orde a documentación administrativa: filiacións, cuotas...⁵⁷

Estas son, xa que logó, as relacións do asociacionismo local coas institucións locais e supralocais. No caso das gobernativas devén nun contacto case que exclusivamente administrativo; pero no tocante ás relacións mantidas con sindicatos e organizacións de traballadores tradúcese nunha rica información da incidencia do *Movimento Obreiro* no ámbito local.

Comité Paritario Interlocal da Provincia de Pontevedra. Comunicación da SCB ao concello. 2.9.1928. AMB.
55 Conflicto entre a SCB e o contratista Constantino Gil por un mal pago de salarios. Comunicado de Constantino Gil ao concello (18.8.1931), comunicación do Comité Paritario ao concello (31.8.1931) e comunicado do Comité Paritario Interlocal de la Construcción de Vigo ao concello de Bueu (10.9.1931). AMB.

56 A directiva e a xeral de Canteiros aproban que o IV Congreso Ordinario da Federación Nacional (1928) se celebre en Madrid. Comunicación da Delegación Gobernativo Provincial ao concello de Bueu. 27.5.1927. AMB.

57 Os socios deben pagar as cuotas antes do IV congreso da Federación. Comunicación da SCB ao concello. 8.8.1928. AMB.

Publicidade

Teresa Santos MANUALIDADES



Eduardo Vincenti, 35
986 32 41 40
Bueu

NEUMÁTICOS **MEDRAÑO**

TODO EN RUEDAS
CAMBIOS DE ACEITE

Carrasqueira, 71
Telf 986 32 10 33
Bueu

AUTOBUSES **Cerqueiro S.L.**



*Servicio de viajeros entre
Bueu, Aldán y Cangas
*Excursiones y colegios
*Autocares de 20 a 55 plazas
Pazos Fontenla, 68
Telf 986 32 02 54
Fax 986 32 28 92 Bueu



GARAJE TALLER **RAMAL DOS GALOS**

Ramón Bares, 2
Telf 986 32 35 53 /
986 32 35 58
Bueu

Por último queríamos agradecer a colaboración desinteresada de moitas persoas, colectivos, empresas, que fixeron posíbel, coa súa axuda e xunto co noso esforzo, esta festa.

Ás veces, os agradecementos quedan escasos, pero simboicamente parecen soar ben. Nós, dende a Comisión, queremos dar as gracias de verdade, das que se dan con ganas. Así, queremos agradecer a colaboración desinteresada a persoas como **Leiro**, non sabemos como agradecerche todo o que fas, gracias por todo. **A Teresa e Benigno**, polo hotel improvisado para os grupos. **Aos fotógrafos, Luís e Pepe**, por eses carretes. **A Framil**, por ser tan bo papá (non, agora en serio, gracias pola túa axuda). **A toda a xente que de verdade nos apoiou** e estivo con nós nos malos momentos tamén. **A Ramón David**, polos compacs-dinsk, a información e o taléfano ghashado. **A Guille**, polas horas perdidas no cartaz e os grandes paseos co ordenador (a Unión fórrase á túa conta). **Aos membros do Enxebre**, polos ánimos, a colaboración e o artigo que sacaron nese maravilloso piríofidico. **A Xavi Castro e a Silvia**, polo de sempre. **A xente do Aturuxo, do Zappa, do Furrugio, da taberna de pancho, do Soela e do Bar Labranza** (non damos nomes porque a lista sería un pouco longa, e hai que aforrar papel), tanto aos donos e camareiros, polas vendas e o apoio, como á xente que merca alí o material. **Á xente que foi quedando polo camiño: Jota, Berto, Paula, Bea, Diego, Noelia, Elía, Miguel, Lucía, Eva, Paula, Ana, Sara, Cristóbal, Isabel, Victoria, Jose Ramón, Eloi, Lorena, Eric, Adri, Sandra, Alberto**; gracias moz@s, esta festa vai por vós. **A Diego, Dami, Iván, Alfredo, Inés, Rober, Salva, Chispy, Iván, Rosi, Laura, Dami e Paula e todos os que veñen cos lazos**, por que nos sirve de moito a súa axuda. Ao **Concello**, por aumentar o noso programa cunha "ghran corrida". **A Freirito de Córdoba e Miluquita Reina**, pola súa gran cultura e defensa do propio. **A Ana e a Lidia**, polos cókteles. **Ás nosas familias**, por aturarnos. A todos eses mozos, cans, piollos e demais parásitos que encheron a festa e disfrutaron con ela, por darnos motivos para serguir un ano máis. **A Toño e Xosé Luís**, pola maquetación e impresión. **A Sita** polos lazos. **A Santos e Tomás** polos chiringuitos. **Aos comercios** que se anuncian neste libro, e os comercios que non o fan pero que axudaron economicamente. **Aos Peneques**, polo publicidade gratuíta. **Ao Coro de Beluso, a Finita e Severo, a Marisol e Malita, a Dora, aos tractoristas, a Manolo. Á A.V.V. O Progreso de Beluso** por todo. Tamén queríamos mandar un agradecemento moi grande e con moito cariño á xente que se nos esqueceu, tanto este ano como o pasado, perdón e gracias pola vosa axuda. E en xeral, agradecerllo a todo o mundo. Aos que xa non están e nos axurdaron en anos anteriores.

Ao fillo de X.R. O Pillo, por nacer un día tan sinalado (ou case).

Finalmente queríamos darlle as gracias a un home que traballou durante moito tempo pola cultura galega, **Suso Vaamonde**, finado recentemente, ao cal lle queremos dedicar esta festa. Ogallá xurdan máis tipos coma ti. Tamén queríamos facer un chamamento para que non desaparezan estas festas, e animar á xente (e sobre todo ás organizacións do Herba e Son e do Rebolo Rock), iánimo rapaces! Cun pouco de esforzo todo se consegue.

MANUEL TORRES

CANAL SATÉLITE DIGITAL
VÍA DIGITAL

DISTRIBUIDOR
MOVISTAR

Francisco Escaneo, 10
Telf 986 32 29 14
Bueu

frutería RUA NOVA



Edificio Fisán
Telf 986 32 24 86
Beluso-Bueu

Popelin

T E L A S

Últimas rebajas del veráno
novedades otoño-invierno

Alexandre Bóbeda, 25
Telf 986 32 25 94
Bueu

LAMBONADAS

Golosinas y bollería
se hacen piñatas y
cumpleaños

Hay refrescos

Montero Ríos, 205
Telf 986 32 08 22
Bueu

ABREVIATURAS

AMB (Arquivo Municipal de Bueu).
FV (Faro de Vigo).
EPG (El Pueblo Gallego).
APASC (Arquivo Personal de Arturo Sánchez Cidrás).
AHPP (Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra).
RSCB (Regulamento da Sociedad Casino de Bueu).
REAMB (Regulameto de El Adelanto Marinero de Bueu).
EAM (El Adelanto Marinero).
RSCB (Regulamento da Sociedad de Canteros de Bueu).
SCB (Sociedad de Canteros de Bueu).
CB (Concello de Bueu).
OMTB (Ordenanzas Municipales formadas para el régimen del término de Bueu).
APJRAP (Arquivo Privado de José R. Álvarez Pérez).

BIBLIOGRAFÍA

- Álvarez Limeses, G. Provincia de Pontevedra. En: Geografía General del Reino de Galicia. F. Carreras y Candi (ed.). Alberto Martín. Barcelona, 1936.
- Álvarez Pérez, J. R. e Millán Otero, X. M. A Sociedade de Agricultores "El Progreso" de Beluso (1931-1936). Unha experiencia de asociacionismo agrario. A.VV. "O Progreso" de Beluso. Vigo, 1997.
- Álvarez Pérez, J. R. Johán Carballeira. Unha obra por rematar. Grial (en prensa).
- Barreiro Fernández, X.R. Galicia Contemporánea (siglos XIX-XX). Tomos I e II. Gamma. A Coruña, 1982.
- Cañada, S. (ed). Gran Enciclopedia Gallega. Santiago de Compostela, 1974.
- Cañada, S. (ed). Gran Enciclopedia Gallega. Tomo 30. Santiago, 1974.
- Carballeira, J. La Misión Pesquero-Conservera francesa y su viaje a Galicia. El Pueblo Gallego. Nº 2.686. 3.11.1932, páx. 1, 12.
- Castro, X. O Galeguismo na Encrucillada Republicana. Deputación de Ourense. Ourense, 1985.
- Durán, J.A. Agrarismo y movilización campesina en el país gallego (1875-1912). Madrid, 1977.
- Estévez Castro, J. M^a. Reconocer Bueu. Deputación Provincial de Pontevedra. Pontevedra, 1996.
- Fernández Prieto, L., Núñez Seixas, X. M., Artiaga Rego, A. e Balboa, X. (Coords.). Poder local, elites e cambio social na Galicia non urbana (1874-1936). Parlamento

RESTAURANTE ESTRELLA

ESPECIALIDAD
ARROZ DE BOGAVANTE
GUISO DE RODABALLO
PESCADOS Y
MARISCOS DE LA RÍA
1º PREMIO
"1º FESTA DA VIEIRA"

Xoán Carballeira, 6
Telf 986 32 06 75
Bueu

CAFÉ-BAR

47
+
1

MONTERO RÍOS, 48 BUEU
TFNO. 986 320 119



GUTIERREZ. CB

CERRAJERÍA

Portales,
Puertas automáticas,
Balcones
Cierres,
Verjas,
Trabajos navales.
Envejecimiento de forjas

Pazos Fontenla, 112-bajo Bueu
Telf 986 32 22 19 - 986 32 18 95

SANTOS CASTIÑEIRAS CARPINTERÍA S.L.

Castiñeiras s/n
986 324 435 Bueu

de Galicia e USC. Santiago de Compostela, 1997.
 Gómez Navarro, J. L. El Régimen de Primo de Rivera. Cátedra. Madrid, 1991.
 González López, E. Historia de Galicia. A Coruña, 1980. (1980b)
 González López, E. Historia de Galicia. La Voz de Galicia. A Coruña, 1980. (1980a)
 Linthoudt, J. van. Bueu. Os seus canteiros e os seus reloxos de sol. Bueu, 1997.
 Madariaga, S. de. España. Ensayo de historia contemporánea. Espasa-Calpe. Madrid, 1978.
 Millán Otero, X. M. Johán Carballeira. Crónica dunha vida inconclusa.. En: Os Mártires do 36. VV.AA.. A Nosa Terra. Vigo, 1996.
 Núñez Seixas, X. M. Emigrantes, Caciques e Indianos. Xerais. Vigo, 1998.
 Núñez Seixas, X.M. ¿Americanos revolucionarios ou indianos reformistas?. Sobre os emigrantes e a política na Galicia da Restauración (1900-1923), en Anuario Brigantino, 17 (1994). Páxs. 187-228).
 Ordenanzas Municipales formadas para el régimen del término de Bueu, sen data.
 Pereira, D. (coord.). Os conquistadores Modernos. Movemento obreiro na Galiza de anteguerra. A Nosa Terra. Vigo, 1992.
 Pereira, D. A CNT na Galiza (1922-1936). Laiovento. Santiago de Compostela, 1994.
 Reglamento de la Sociedad de Canteros de Bueu, Vigo, 1910.
 Reglamento de la sociedad de Bueu El Adelanto Mariner. Pontevedra, 1917.
 VV.AA. Historia de España. Tomos 22 e 23. Salvat. Barcelona 1993.


PUBLICACIÓN CONSULTADAS.

El Pueblo Gallego (Vigo)
 Faro de Vigo (Vigo)

FONTES.

ARQUIVO MUNICIPAL DE BUEU
 GOBERNO MILITAR DE PONTEVEDRA
 ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA
 BIBLIOTECA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA
 HEMEROTECA DA BIBLIOTECA XERAL DA USC.
 ARQUIVO PARTICULAR DE JOSÉ R. ÁLVAREZ CALLEJA.
 ARQUIVO PARTICULAR DE JOSÉ R. ÁLVAREZ PÉREZ.
 ARQUIVO PARTICULAR DE XOSÉ M. MILLÁN OTERO.
 ARQUIVO PARTICULAR DE ARTURO SÁNCHEZ CIDRÁS

Publicidade



CENTRO MEDICO BUEU POLICLÍNICA

PARA QUE SU SALUD NUNCA
SEA UN PROBLEMA

UTILICE LA CITA PREVIA
CON ESPECIALISTAS LE SERÁ MÁS COMODO

- CIRUGÍA GENERAL Y APRATO DIGESTIVO

Dr Guzman González Muñoz

- OTORRINOLARINGOLOGÍA

Dr Pérez Villar

- CARDIOLOGÍA

Dr. Segovia Castro

-GINECOLOGÍA

Dra Buján

-OFTALMOLOGÍA

Dr Pichel Abelleira

-ORTOPEDIA TÉCNICA

Dr Juan Alonso

-PSICOLOGÍA

Dra Gutierrez Berceruelo

-HOMEOPATÍA

Dr Gloria Arceiz

-MESOTERAPIA

Dr. González

PSICOTECNICO

ARMAS

CONDUCTORES

CERTIFICADOS

M,EDICINA GENERAL

ESPECIALISTAS

OSTEOPATÍA

Pazos Fontenla, 37 4º A y C 986 320 650 BUEU